

A TRANSICIÓN ESPAÑOLA EN

GALICIA




A inicios da Transición Española, **Galicia** continuaba sendo unha comunidade maioritariamente **rural**, albergando nas súas cidades e vilas só o 30% da poboación.

Deste modo, comeza unha tendencia de despoboamento nas zonas de interior, cunha concentración da poboación no centro da comunidade. Tendencia que se manterá ata o día de hoxe.



O **Partido Comunista (PCE)** era a organización que mantivo unha mellor organización na época da clandestinidade. Esta conseguiu estenderse a un maior número de persoas grazas á creación de **Comisións Obreiras** (1967).



No que respecta ao eido nacionalista, a finais da década dos 50 vai aparecer unha nova xeración política que asume os postulados nacionalistas mais desde posicionamentos da esquerda. Isto supón unha mudanza ideolóxica radical co que se viviu durante a II República. Aquí poderíamos mencionar ao **grupo “Brais Pinto”**, discípulos de Ramón Piñeiro.



Durante o tardofranquismo, os **movementos sociais** que tiveron unha maior repercusión política foron o **Movemento Obreiro** e o **Movemento Universitario**. Vinculados a estes van xurdir as **reivindicacións ecolóxicas e feministas**.



Mentres, entre as forzas de esquerda o **PCG** e o **PSOE** lideraban cadansúa plataforma, ás que se unían as outras forzas de esquerda, mentres que a **UPG** promovía outra.

As diferenzas de estratexia eran claras: a “**Táboa Democrática de Galicia**”, auspiciada polos comunistas, defendía a reforma democrática, un goberno autónomo

transitorio que partise do Estatuto do 36. Pola súa banda, o “**Consello de Forzas Políticas de Galicia**”, liderada pola UPG, era partidario da apertura dun proceso constituínte galego e do inmediato dereito de autodeterminación para Galicia.



En Galicia existían **tres posturas** ante o proceso autonómico: a **dereita** (de Alianza Popular), que quería só unha descentralización administrativa, o **centro e a esquerda**




(UCD, PSOE, PSP, PCG e o galeguismo de centro), que defendía o Estatuto do 36 ou un semellante, e o **nacionalismo de esquerda** apostaba polo dereito de autodeterminación.




Coa aprobación da **Constitución de 1978**, España configúrase como un Estado “autonómico” ou das “autonomías”, que se sitúa a medio camiño entre un Estado centralista e un federal.


Aprobada a Constitución, **Rosón**, presidente da Xunta preautonómica, acordou nomear unha comisión, que tivese o maior grao de consenso sociopolítico, para a elaboración dun proxecto de Estatuto. Coñecida como a **Comisión dos 16**, acolleu a representantes de todas as forzas parlamentarias e dalgunhas extraparlamentarias.



O **referendo** contou cunha participación do 28,3% da poboación, dos cales un 72,6% votaron **a favor** do novo Estatuto. Este grande abstención pode ser explicada porque a dereita e grande parte da UCD non se esforzaron en animar a participación, mentres que o groso das forzas nacionalistas se opuxeron.




O primeiro grande problema ao que tivo que facer fronte o **primeiro goberno Albor**, foi á cuestión da capitalidade. Despois do apoio dende o goberno a Santiago coma capital, cuestión na que estaban de acordo as forzas nacionalistas, a **UCD** permaneceu **dividida** e desde A Coruña se iniciou unha forte campaña para conseguir a capitalidade, incluída unha multitudinaria manifestación.



Finalmente o pleno do Parlamento aprobou unha resolución sen declarar a capitalidade de Santiago.

O **Tripartito**, integrado por seis socialistas, catro “coagas” e dos do PNG, non tivo tempo para desenvolver unha acción de goberno ante a proximidade do novo proceso electoral. Estivo moi condicionado polo xuízo por prevaricación ao que se viu sometido **Barreiro**, que ao final tivo que renunciar ao cargo.

No primeiro goberno Albor aprobouse por unanimidade a **Lei de Normalización Lingüística** (1983), proposta por **C. Nogueira**, que afirmaba que o galego era o idioma propio de Galicia, establecendo o “o dereito e o deber” de coñecelo, dotando á Real Academia Galega da autoridade normativa sobre a lingua.



A etapa do **PP** de **M. Fraga** marcou un cambio radical no panorama político galego. O seu indiscutible liderado no centro-dereita acabou coa pluralidade de siglas e escisións frecuentes ata ese momento.

Cando España se integra na **CEE**, prodúcese unha reorientación da **PAC**, ata aquel momento moi proteccionista, na busca de garantir uns prezos mínimos nas principais producións. Iniciouse un **período de medidas restritivas** á produción para facer fronte aos elevados excedentes nas principais producións, como é o caso do leite por medio das cotas, pero tamén foron afectando a outras producións.


A Unión Europea promoveu **políticas pesqueiras** na busca da súa conservación que non beneficiaron á frota galega. Galicia, que posuía a maior frota pesqueira, viu como se reducían as súas cotas de pesca ao tempo que era obrigada a reconverter o sector, reducindo e modernizando os barcos.

O sector da **construción naval sufriu** unha forte reconversión, reducíndose de forma notable as súas instalacións e os seus empregados, sobre todo na comarca do Ferrol.

Este proceso de reconversión foi iniciado polo primeiro goberno socialista de **Felipe González**.



A pesar de que Galicia recibiu ao redor dun 12% do investimento dirixido a España, mantívose ao longo dos últimos vinte anos como a terceira ou a cuarta autonomía cun menor PIB por habitante, nun contexto de paulatino **descenso da poboación** no conxunto do Estado.



Aínda así, Galicia se foi achegando a unha converxencia coa media europea.

O proceso de envellecemento da poboación galega eleva o custo da provisión dos servizos públicos e, dado o potencial fiscal de Galicia, agrava tamén a nosa dependencia fiscal.

No ano 1991 configurouse a **eurorrexión formada por Galicia e o Norte de Portugal**, co fin de favorecer a elaboración e a presentación de proxectos de cooperación conxuntos.

